



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADRÓN

Aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2025 para facer fronte ás obrigas derivadas do cofinanciamento das obras ao 50% entre o Concello e a Xunta de Galicia para arranxo do centro de saúde

Anuncio de aprobación definitiva dos expedientes de de crédito extraordinario 1-2025 financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2024.

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal de Padrón o crédito extraordinario 1/2025 por importe de 129.000,00 €, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2025, publicado o anuncio no BOP da coruña 190 do 06/10/2025 e polo transcurso dun período de exposición ao público de 15 días hábiles sen que se tivesen presentado reclamacións, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público que os Estados que se integran no crédito extraordinario 1/2024, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos, ascenden aos importes que a continuación se expresan:

Alta en Aplicacións de Gastos

CLASIFICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
312.619.00	CENTRO DE SAUDE. REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS	129.000,00 €
		129.000,00 €

Os gastos para os que se habilita o crédito financiaranse de acordo co seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesourería.	129.000,00 €

O que se fai público ós efectos previstos na citada lexislación, facendo constar que, contra a aprobación definitiva, quen teña a condición de interesado, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires da aprobación definitiva.

Padrón, 31/10/2025

O Alcalde. Asdo. Anxo Rei Arca.

2025/7161